

Poboación

A 01.01.2020, os datos facilitados polo INE indican que a poboación de Galicia medrou en 1.911 persoas (un incremento do 0,07% respecto ao dato do ano anterior. En España tamén medrou o saldo poboacional, neste caso nun 0,84%. Por segundo ano consecutivo, o saldo migratorio ofrece datos positivos tanto na migración interior como na exterior. O saldo vexetativo galego volveu a ser o que se reduciu máis en termos absolutos no conxunto do Estado (a terceira Comunidade en termos relativos. Todas as Comunidades presentan un saldo vexetativo negativo excepto as Illas Baleares, Murcia e Madrid)


Poboación de Galicia e España a 1 de xaneiro de 2020

	Poboación a 1 de xaneiro de 2020(*)	Poboación a 1 de xaneiro de 2019	Saldo primeiro semestre 2019			
			Vexetativo	Migratorio exterior	Migratorio interior	Saldo total
Galicia	2.702.244	2.700.441	-15.631	16.866	676	1.911
España	47.329.981	46.937.060	-57.146	451.391	0	394.245

Fonte: INE / (*) Datos provisionais

Deste xeito, 2019 é o primeiro ano desde 2010 no que medra a poboación de Galicia. Neste intervalo de tempo, a poboación reduciuse en 95.409 persoas.

Produto interior bruto



O PIB galego reduciuse no primeiro trimestre de 2020 en -4,9 puntos porcentuais, unha caída menor en tres décimas á rexistrada en España, o cal representa unha redución interanual do PIB galego do -3,6%, unha redución inferior á que se observa no trimestre a nivel estatal (o -4,1%). Trátase da maior redución do PIB nun trimestre na serie histórica.

O avance da previsión do PIB estatal para o segundo trimestre de 2020 indica unha intensa prolongación da caída deste parámetro ata o -18,5% en valor intertrimestral e do -22,1% en termos interanuais, o tamén supón un novo máximo na serie histórica.

Variación interanual porcentual do PIB (índices de volume encadeados, referencia ano 2010=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2014-2020

	(T/T-4)	2014	2015	2016	2017	2018	2019	1T15	2T15	3T15	4T15	1T16	2T16	3T16	4T16	1T17	2T17	3T17	4T17	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19	2T19	3T19	4T19	1T20
Galicia		1,2	2,8	3,3	2,3	2,2	1,8	1,9	2,7	2,7	3,7	3,7	3,7	3,4	2,8	2,4	2,2	2,2	2,2	2,3	2,3	2,0	2,1	1,9	1,7	1,7	1,8	-3,6
España		1,4	3,8	3,0	2,9	2,4	2,0	2,9	3,4	3,6	3,8	3,8	3,5	3,2	2,3	2,9	3,1	2,9	3,1	2,8	2,3	2,2	2,1	2,2	2,0	1,9	1,8	-4,1

Fuentes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación á Seguridade Social

(Nota: A chegada da pandemia de Covid-19 e a conseguinte declaración do Estado de Alarma, unida á masiva solicitude de expedientes de regulación temporal de emprego derivada daquela, complica moito facer un análise polo miúdo das tendencias, análise que vai requirir máis tempo e datos. Cómpre ter isto moi en conta particularmente á hora de analizar os datos da Enquisa de Poboación Activa, onde a análise do sucedido coa poboación activa, o paro e a ocupación debe facerse no seu conxunto, dado que tomadas separadamente poderíase chegar a conclusións contraditorias entre si).

No segundo trimestre de 2020 a Enquisa de Poboación Activa (EPA) reflicte para Galicia unha diminución total da poboación activa de -46.900 persoas respecto do trimestre anterior (o -3,8%, descenso menor ao rexistrado no conxunto do Estado, que foi do -4,4%). No intervalo interanual, en Galicia rexistrouse un descenso da poboación activa de 46.200 persoas (-3,7%) mentres que en España a poboación activa reduciuse nos últimos doce meses en máis de -1.060.400 persoas, o que supuxo unha redución do -4,6%. Noutras palabras, a nivel estatal produciuse abandonou o mercado laboral unha poboación equivalente ao 89% da poboación activa galega.

Poboación Activa Galicia-España, 2º Trimestre 2020

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.192,9	-46,9	-3,8	-46,2	-3,7
España	21.975,2	-1.019,0	-4,4	-1.060,4	-4,6

Fonte: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

5,5%. En termos interanuais, a evolución é máis negativa, cun descenso da ocupación do -4,4% e -48.400 persoas ocupadas, sendo o dato correspondente para o conxunto do Estado un descenso total de 137.300 persoas ocupadas, o -6,1% menos. A taxa de ocupación acadou en Galicia o 44,9% no segundo trimestre, valor inferior en 2,1 puntos porcentuais á taxa de ocupación rexistrada en España no período de referencia, que foi do 47,0%. Para rematar coa análise da EPA do 1º trimestre de 2018, o número de persoas en paro en Galicia fixase en 142.500, un descenso respecto do trimestre anterior do -9,1% (14.200 persoas paradas menos) e a taxa de paro rexistrada para Galicia fica no 11,9%, mentres que a rexistrada en España foi de 15,3%, logo de que o paro aumente en 55.000 persoas no trimestre, para un total de 3.368.000 persoas.

As distintas edicións do Boletín mensual do paro rexistrado publicadas ata o mes de xuño amosan a influencia da Covid-19 e o Estado de Alarma no emprego. Así, ao peche do primeiro semestre, o paro rexistrado en Galicia incrementouse en 19.346 persoas traballadoras, un incremento no semestre do 11,7%. Respecto do primeiro semestre de 2019, este incremento foi aínda máis acusado, pois acadou o 18%.

Tanto se analizamos a evolución do paro rexistrado en termos interanuais por sexo, idade ou sector de actividade, o incremento do paro rexistrado afecta a todas as categorías. Por sexo, este incremento afectou máis aos homes que ás mulleres (23,2% e 15,9% respectivamente). Por idade, o incremento foi especialmente intenso para os menores de 30 anos, para os cales o paro subiu case nun 40% respecto da situación existente fai 12 meses. As persoas de 45 ou máis anos foron as menos afectadas, se ben incluso entre elas o paro rexistrado subiu case un 12,5%, é dicir, por cada oito parados en xuño de 2019 de 45 ou máis anos, hai nove no mesmo período deste ano.

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 1º semestre 2020

1S2020	Mes actual						% variación mes anterior						% variación mes ano anterior					
	xaneiro	febreiro	marzo	abril	maio	xuño	xaneiro	febreiro	marzo	abril	maio	xuño	xaneiro	febreiro	marzo	abril	maio	xuño
TOTAL	167.755	166.229	174.481	191.629	191.082	184.654	1,5%	-0,9%	5,0%	9,8%	-0,3%	-3,4%	-4,0%	-4,3%	2,1%	15,3%	18,8%	18,9%
Homes	72.387	71.438	75.507	84.982	83.931	79.955	1,0%	-1,3%	5,7%	12,6%	-1,2%	-4,7%	-3,7%	-4,0%	4,4%	21,3%	24,8%	23,2%
Mulleres	95.368	94.791	98.974	106.647	107.151	104.699	1,8%	-0,6%	4,4%	7,8%	0,5%	-2,3%	-4,3%	-4,5%	0,4%	10,9%	14,5%	15,9%
<30 anos	21.530	21.280	23.332	27.074	27.251	26.314	3,0%	-1,2%	9,6%	16,0%	0,7%	-3,4%	-4,1%	-6,9%	3,8%	26,1%	32,9%	39,7%
entre 30 e 44 anos	54.545	53.729	57.655	65.486	65.005	61.766	1,9%	-1,5%	7,3%	13,6%	-0,7%	-5,0%	-8,5%	-8,6%	0,6%	19,0%	23,4%	22,4%
>44 anos	91.680	91.220	93.494	99.069	98.626	96.574	0,8%	-0,5%	2,5%	6,0%	-0,4%	-2,1%	-1,2%	-0,9%	2,6%	10,4%	12,8%	12,4%
Agricultura e Pesca	6.161	6.029	5.950	6.385	6.292	6.271	-2,1%	-2,1%	-1,3%	7,3%	-1,5%	-0,3%	-7,5%	-6,9%	-3,6%	4,2%	7,0%	12,5%
Industria	18.363	18.297	19.045	21.221	21.115	20.338	-1,2%	-0,4%	4,1%	11,4%	-0,5%	-3,7%	-6,8%	-6,1%	0,1%	13,0%	16,4%	15,7%
Construción	13.846	13.616	14.443	16.358	15.598	14.668	-1,7%	-1,7%	6,1%	13,3%	-4,6%	-6,0%	-7,5%	-6,2%	3,3%	19,4%	19,0%	15,1%
Servizos	116.181	114.984	121.606	134.031	134.229	128.986	2,8%	-1,0%	5,8%	10,2%	0,1%	-3,9%	-2,8%	-3,3%	3,8%	18,4%	22,6%	22,0%
Sen emprego anterior	13.204	13.303	13.437	13.634	13.848	14.391	-1,3%	0,7%	1,0%	1,5%	1,6%	3,9%	-5,6%	-6,8%	-7,1%	-5,4%	-2,5%	5,5%

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado. Consellería de Economía, Emprego e Industria. Xunta de Galicia



As distintas edicións do *Boletín mensual de contratación* para os distintos meses do segundo trimestre de 2020 tamén amosan con claridade a intensidade do parón na actividade laboral. Así, mentres no primeiro trimestre a contratación reducíuse nun -17,6% fronte ao trimestre anterior, no segundo trimestre esta redución intensificouse ata superar o -49%, o que leva a caída na contratación ao -60,7% respecto dos meses de abril a xuño de 2019 (no primeiro trimestre, a diminución respecto do segundo trimestre do ano anterior foi do -5,5%)

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 2º Trimestre 2020

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre ano anterior	% Var. trimestre ano anterior
2º Trimestre 2020	109.111	-105.094	-49,1%	-168.843	-60,7%
Homes	60.942	-50.951	-45,5%	-84.850	-58,2%
Mulleres	48.169	-54.143	-52,9%	-83.993	-63,6%
<30 anos	31.744	-34.363	-52,0%	-59.774	-65,3%
entre 30 e 44 anos	45.990	-44.363	-49,1%	-68.127	-59,7%
>44 anos	31.377	-26.368	-45,7%	-40.942	-56,6%
Indefinido	10.651	-11.957	-52,9%	-11.631	-52,2%
Temporal	98.007	-91.458	-48,3%	-154.268	-61,2%
Prácticas / Formación	379	-780	-67,3%	-928	-71,0%
Otros	74	-899	-92,4%	-2.016	-96,5%
Agricultura e Pesca	5.485	-1.267	-18,8%	-1.801	-24,7%
Industria	20.757	-16.570	-44,4%	-16.692	-44,6%
Construción	7.652	-2.490	-24,6%	-4.411	-36,6%
Servizos	75.217	-84.767	-53,0%	-145.939	-66,0%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación. Consellería de Economía, Emprego e Industria

industria. O sector primario foi menos afectado pola parada na contratación (porén, rexistrou diminucións de case o 20% intertrimestral, e case o 25% respecto do mesmo trimestre do ano pasado)

Se nos fixamos no tipo de contrato asinado e o relacionamos co acontecido no primeiro trimestre, vemos que a redución da contratación indefinida estivo lixeiramente por riba da redución media. Porén, respecto do mesmo trimestre do ano anterior, os contratos indefinidos foron os que menos redución sufriron, se ben diminuíron en máis da metade. Os contratos rexistrados na categoría *Outros* reducíronse en máis dun 90% con respecto a todos os períodos de referencia.

A caída observada na afiliación media no mes de marzo do 2020 (-1,0% respecto o mes de febreiro, -0,18% respecto de marzo de 2019) viuse intensificada no segundo trimestre, de xeito sobranceiro no mes de abril. A pesares de que, logo do mal dato de abril, a afiliación retomou a senda positiva mes a mes en maio e, máis aínda, en xuño, a evolución interanual deste parámetro segue a ser negativa, ao pasar de crecementos interanuais da afiliación na contorna do 1,4-1,5% nos cinco meses previos á declaración do Estado de Alarma a reducións da afiliación media entre o -3,5% eo 4,1%. Hai que sinalar que a variación interanual a afiliación no mes de xuño é o primeiro dato interanual nos últimos catro meses que mellora o do mes precedente.

Esta caída supuxo que Galicia perdera a cota de un millón de afiliados á Seguridade Social, acadada no mes de marzo de 2019 e mantida de xeito ininterrompido ata o pasado mes de abril.

Con todo, as caídas son menos intensas e os crecementos son maiores que os rexistrados en España, coa excepción da variación mensual rexistrada en maio. Mentres en anos anteriores, e sempre falando en termos interanuais, o crecemento da afiliación en Galicia viña sendo de xeito constante inferior ao rexistrado no conxunto do Estado, con valores preto de ou superiores a un punto porcentual, neste trimestre a diminución da afiliación tamén está rexistrándose en Galicia con menor intensidade, con diferenzas nos valores rexistrados que oscilan entre as cinco e as oito décimas

Datos de afiliación á Seguridade Social. Galicia-España, 2º semestre 2020

	Afiliacións media 1º sem 2019			Variacións											
				mes anterior						interanual					
	abril	maio	xuño	absoluta	absoluta	absoluta	relativa	relativa	relativa	absoluta	absoluta	absoluta	relativa	relativa	relativa
Galicia	974.770	976.374	986.642	-27.853	1.604	10.268	-2,78%	0,16%	1,05%	-35.822	-42.032	-38.551	-3,54%	-4,13%	-3,76%
España	18.458.667	18.556.129	18.624.337	-548.093	97.462	68.208	-2,88%	0,53%	0,37%	-771.695	-885.984	-893.360	-4,01%	-4,56%	-4,58%

Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)

O primeiro trimestre de 2020 os accidentes laborais con baixa reducíronse nun -11,1% respecto ao mesmo período do ano pasado. A tendencia xeral ven marcada polos accidentes leves, sempre moito máis numerosos, e mesmo se acentúa nos graves, que se reduciron nun -15,2% Porén, os accidentes graves se incrementaron, pasando de 5 a 14. Por sectores de actividade, os accidentes reducíronse tanto para leves como para graves, coa excepción dos accidentes graves no sector pesqueiro. O incremento de accidentes mortais antes sinalado foi moi acusado no sector primario, mentres que a industria, construción e servizos comportáronse de forma similar ao que sucedera no primeiro trimestre de 2019.

Accidentes con baixa en xornada laboral por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Marzo 2019/2020)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2019	2020	% Var	2019	2020	% Var	2019	2020	% Var	2019	2020	% Var
Agricultura	283	259	-8,5	12	8	-33	1	3	200,0	296	270	-8,8
Pesca	262	214	-18,3	11	13	18	0	4	-----	273	231	-15,4
Industria	2.054	1.844	-10,2	27	22	-19	1	1	0,0	2.082	1.867	-10,3
Construción	944	899	-4,8	21	27	29	2	1	-50,0	967	927	-4,1
Servizos	3.188	2.761	-13,4	40	24	-40	5	5	0,0	3.233	2.790	-13,7
Total	6.731	5.977	-11,2	111	94	-15,3	9	14	55,6	6.851	6.085	-11,2

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

A tendencia reflectada para os índices de incidencia é moi similar, e mesmo o grado de redución do índice é case idéntico ao rexistrado no número de accidentes totais. A caída do índice de incidencia varía entre o -8% da agricultura e o dato de pesca e servizos, que fica preto do -14%. A excepción é o sector da construción cunha caída do índice moito menor, do -1,4%

Índice de incidencia por sectores de actividade e gravidade. Galicia (Xaneiro-Marzo 2019/2020)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2019	2020	% Var	2019	2020	% Var	2019	2020	% Var	2019	2020	% Var
Agricultura	818,2	754,2	-7,8	34,7	23,3	-32,8	2,9	8,7	202,4	855,8	786,2	-8,1
Pesca	1.421,2	1.183,0	-16,8	57,4	71,9	25,3	0,0	22,2	-----	1.480,8	1.277,1	-13,8
Industria	1.421,6	1.269,5	-10,7	18,7	15,2	-18,9	0,7	0,7	-0,5	1.441,0	1.285,4	-10,8
Construción	1.226,4	1.201,4	-2,0	27,3	36,1	32,3	2,6	1,3	-46,6	1.256,3	1.238,9	-1,4
Servizos	445,1	384,9	-13,5	5,6	3,4	-40,0	0,7	0,7	-0,2	451,4	389,0	-13,8
Total	679,4	603,6	-11,1	11,2	9,5	-15,2	0,9	1,4	55,7	691,5	614,8	-11,1

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

Conflitividade

A información provisional facilitada polo Ministerio de Traballo e Economía Social dispoñible a data de hoxe a través da súa *Estadística de huelgas y cierres patronales* aporta datos do primeiro trimestre do ano, así que o impacto da pandemia e o Estado de Alarma non pode apreciarse en toda a súa dureza. Neste período, as folgas en Galicia reducíronse nun -50%, porcentaxe moi inferior á redución observada en España, onde a redución rexistrada foi do -15%. Porén, se observamos a evolución en termos de persoas traballadoras participantes en folgas, a tendencia se inverte, xa que Galicia foi a Comunidade na que o número de participantes en folgas reduciuse menos respecto ao primeiro trimestre de 2019 (o -5,4% fronte á redución do -59% a nivel estatal). En termos de horas non traballadas, a redución observada neste trimestre en Galicia está por riba da media das distintas Comunidades autónomas (o -70% fronte ao -59%)

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España (Xaneiro-marzo 2020)

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	15	-15	5.796	-330	7.035	-4.911
España	195	-35	24.251	-34.798	63.084	-81.825

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo e Economía Social

(datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

Asemade, o Ministerio de Traballo e Economía Social facilita datos ata o mes de maio obtidos da incidencia da conflitividade entre persoas traballadoras afiliadas á Seguridade Social (os datos facilitados con anterioridade refírense a todas aquelas

situacións de folga das que o Ministerio ten constancia). Se ben estes datos non recollen o número de folgas, si que aportan datos respecto a número de traballadores participantes e horas non traballadas. En todo caso, e como consecuencia directa do Estado de Alarma, a incidencia das folgas nos meses de abril e maio en termos de participación e de horas non traballadas resulta insignificante (O seu efecto en Galicia para abril e maio foi claramente inferior ao 1% do rexistrado neses meses en 2019. En España sucedeu o mesmo en abril, incrementándose moi lixeiramente en maio, mes no que a participación de persoas traballadoras en folgas estivo preto do 4% respecto a maio de 2019)

Expedientes de Regulación de Empleo

Seguen sen estar dispoñibles na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria datos relativos a Expedientes de regulación de emprego máis actualizados que os xa recollidos en anteriores edicións deste Boletín.

Número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego. Galicia-España Xaneiro-Maio 2020

	TOTAL		DESPEDIMENTOS COLECTIVOS				SUSPENSIÓN DE CONTRATOS E REDUCCIÓN DE XORNADA			
	Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		En %
		Absolutas	En %		Absolutas	En %		Absolutas	En %	
Galicia	33.960	31.145	1.106,4	268	-801	-74,9	33.692	31.946	1.829,7	
España	901.817	867.202	2.505,3	4.329	-5.079	-54,0	897.488	872.281	3.460,5	

Estadística de expedientes de regulación de empleo. Ministerio de Trabajo e Economía Social

Emprego e Industria, si que inclúe datos por traballadores afectados e tipo de expediente de regulación de emprego. De todos os xeitos, a entrada en vigor do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19 fai inútil calquera tipo de comparación co sucedido na serie histórica.

Os datos recollidos amosan un incremento notabilísimo dos ERE presentados en España desde o mes de marzo, con porcentaxes de incremento que superan o 1100% no caso de Galicia e o 2500% no caso de España. Este incremento atinxe exclusivamente aos ERE por suspensión de contratos e redución de xornada (que as estatísticas do Ministerio presentan de xeito conxunto), xa que os ERE por despedimentos colectivos reducíronse no período de referencia tanto en Galicia como en España (aquí con menor intensidade).

Custos laborais e salariais

Custos laborais e salariais. Galicia, 2015-2020

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2015	2.246,2	-0,7	17,2	0,3	1.649,0	-0,3	12,6	0,8
2016	2.248,3	0,1	17,4	1,3	1.655,0	0,4	12,8	1,5
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
2019	2.403,1	3,9	18,7	4,2	1.812,2	5,9	13,7	4,6
1T15	2.175,0	0,2	16,1	1,8	1.582,0	0,6	11,7	2,4
2T15	2.249,0	-2,1	16,7	-2,2	1.635,8	-2,2	12,2	-2,2
3T15	2.196,2	-0,4	17,5	-0,2	1.601,9	0,0	12,8	0,2
4T15	2.370,6	-0,3	18,3	1,9	1.775,8	0,4	13,7	2,7
1T16	2.203,1	1,3	16,8	4,3	1.596,2	0,9	12,2	3,7
2T16	2.232,7	-0,5	16,4	-1,9	1.640,6	0,3	12,0	-1,2
3T16	2.213,6	0,8	18,0	2,7	1.624,0	1,4	13,2	3,3
4T16	2.343,7	-1,4	18,3	-0,1	1.759,1	-0,9	13,8	0,1
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.663,0	2,0	12,4	1,8
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6
3T19	2.360,5	2,8	19,2	3,7	1.712,7	2,8	14,0	3,7
4T19	2.533,5	4,8	19,8	4,2	1.896,2	4,4	14,8	3,9
1T20	2.324,7	0,3	18,0	4,0	1.693,3	1,8	13,1	5,6

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

A Encuesta Trimestral de Coste Laboral do INE para o primeiro trimestre de 2020 indica que o valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes en Galicia foi de 2.324,7€ no trimestre, o que supón unha incremento interanual do 0,3%; o menor incremento rexistrado neste trimestre nos últimos cinco anos. O incremento foi inferior en catro décimas ao rexistrado no conxunto do Estado.

O custo salarial incrementouse no 1,8 puntos respecto ao primeiro trimestre de 2019, ao acadar o 1,8%, para un total de 1.693,3€ por persoa traballadora e mes, superando en 1,1 puntos o incremento rexistrado en España.

Nos custos por hora efectiva, a situación é dun crecemento máis intenso, do 4% no que atinxe ao custo laboral e o 5,6% para o custo salarial respecto ao primeiro trimestre de 2019, valores que están na contorna dos rexistrados nos pasados tres trimestres. Os custos laborais e salariais por hora efectiva mantense por baixo dos do conxunto de España (o -11,8% e o -10,6% respectivamente)

Sociedades constituídas, disoltas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 2º Trimestre 2020

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	446	44.610,4	-612	-36,4%	-516	-38,0%
Sociedades que ampliaron capital	136	39.856,8	-222	-81,1%	-182	-81,1%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

datos mes a mes sinalan que dita redución deriva de xeito sobranceiro dos meses de abril o maio, xa que en xuño se constituíron case o mesmo número de sociedades mercantís que en xuño de 2019.

No que atinxe ás empresas que ampliaron capital durante este trimestre, a súa evolución foi moi similar, cunha redución do seu número nun 62%. Dita redución prodúcese nos tres meses do trimestre, se ben tamén neste caso foi máis intensa en abril e maio que no mes de xuño.

A variación interanual amosa un comportamento paralelo ao xa mencionado respecto do primeiro trimestre de 2020, con tendencias claramente negativas e porcentaxes de variación moi similares.

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 2º Trimestre 2020

	2T20	1T20	2T19
Sociedades disolvidas	95	501	327
Sociedades que reducen capital	40	75	62
Sociedades en situación concursal	14	58	57

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

No segundo trimestre do ano disolvéronse 95 empresas, -406 empresas menos que no primeiro trimestre do ano, e -232 menos que no mesmo trimestre do ano pasado. Realizáronse reducións de capital en 40 empresas, de novo un número inferior ás que o fixeron no trimestre pasado e no segundo trimestre de 2019. Esta circunstancia se repite no que atinxe ás escisións de sociedades mercantís (2), ás fusións (ningunha no trimestre) e ás empresas declaradas en situación concursal (14, fronte ás 58 do trimestre pasado e as 57 do segundo trimestre de 2019)

En resumo, a situación que reflicten os datos é de paralización e de incerteza. Tanto a creación e a inversión como a disolución ou redución no que atinxe ás sociedades mercantís se ve claramente diminuída con

respecto aos períodos de referencia. As dúbidas sobre a evolución situación económica nos vindeiros meses, o número de sociedades declaradas en ERTE, así como as dificultades engadidas polo Estado de Alarma á hora de tramitar os expedientes fan que estes datos deban ser tomados con cautela, quedando á espera dos datos de próximos trimestres para ter unha imaxe máis fidedigna do impacto da pandemia no comportamento das sociedades mercantís galegas.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

A actividade normal do Consello Galego de Relacións Laborais seguiu a verse afectada pola expansión da pandemia de Covid-19 e a declaración do Estado de Alarma derivada desta. Co obxecto de adaptarnos á nova situación, e seguir a facilitar canles de diálogo a organizacións empresariais e sindicais, durante este trimestre tivo lugar a primeira mediación ao abeiro do AGA a través dunha plataforma telemática, instrumento polo cal estanse tamén a desenvolver as xuntanzas dos diversos órganos colexiados do Consello desde que se declarou o Estado de Alarma. Durante o trimestre o Consello comezou a traballar en diversas actividades formativas sobre a utilización de plataformas dixitais, cursos destinados a persoas mediadoras e árbitras, así como a persoas vencelladas a procedementos de mediación e arbitraje entre as organizacións sindicais e empresariais.

Neste primeiro semestre do ano rexistráronse 34 solicitudes de mediación e arbitraje ao abeiro do AGA, número inferior ás solicitudes presentadas en anos anteriores. A porcentaxe de acordos acadados en aqueles dos procedementos que foron aceptados polas dúas partes en conflito acadou o 67%. No que atinxe á negociación colectiva e coas limitacións antes mencionadas, proseguíu a actividade do Consello con xuntanzas na procura da sinatura de diversos convenios de sector.

No exercicio da súa función consultiva, o Comité Delegado de Ditames do Consello Galego de Relacións Laborais emitiu dez ditames sobre ordes reguladoras de distintos aspectos do eido laboral, de novo un número inferior aos emitidos no primeiro trimestre de 2020.

Pode consultar máis información específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello:

<https://www.cgrl.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>

Consello Galego de Relacións Laborais <https://www.cgrl.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/>
Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela Teléfono 981 541 602 - Fax 981 541 610

